



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

BASES PARA SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUNHA PRAZA DE LICENCIADO PARA A CREACIÓN DUN SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE FOZ SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1.- É obxecto da presente convocatoria, a provisión como persoal laboral temporal, mediante concurso oposición, dun NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO, cunha duración determinada de Catro meses (15 de xuño ata 14 de outubro de 2012) e cunha xornada de traballo de 19 horas semanais (50,67% da xornada laboral) de luns a venres.

1.2.- O procedemento de selección do/a aspirante será o de concurso-oposición, conforme ó baremo de méritos e probas de selección previsto nas presentes bases.-

1.3.- Para cumprimento dos principios establecidos no artigo 91.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, á presente selección seralle de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.-
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia do Réxime Local.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 13/2007, de 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Administración Local.-

2.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

O cometido funcional desta praza e do posto respectivo, corresponderase coa propia da mesma, sendo fundamentalmente as súas funcións as seguintes:

a) Aspecto lingüístico:

- Tradución para o galego de textos e documentos da entidade local (confección de actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, ditames das comisións informativas, mocións...).
- Corrección documental.
- Deseño de documentación formal.
- Contribuír na elaboración dun modelo de regulamente do uso do galego nas entidades locais, así como promover a súa posta en práctica.
- Resolución de dúbidas lingüísticas.
- Promoción e organización de cursos de capacitación lingüística para o persoal municipal segundo as carencias detectadas.
- Participación activa na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega (os servizos lingüísticos poden ser uns axentes normalizadores neste ámbito de actuación da administración local e póñense a disposición das autoridades competentes nesta materia para colaboraren en calquera proxecto de implementación do status que se poña en marcha en todas as súas fases: estudo previo, deseño, implementación, avaliación), así como na execución das medidas previstas para este sector no devandito plan.

b) Aspecto sociolingüístico:

- Elaboración de propostas de dinamización lingüística, sobre todo, para os ámbitos de intervención que figuren no Plan xeral de normalización lingüística e sexan de maior interese para a entidade.
- Regulación dos usos e perfís lingüísticos da entidade local.
- Difusión á cidadanía dos seus dereitos lingüísticos.
- Elaboración e seguimento da posta en práctica do Plan municipal de normalización lingüística.
- Coordinación das actuacións con outros servizos lingüísticos ou entidades que persigan os



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

mesmos fins normalizadores.

- Difusión, sensibilización e información das ferramentas lingüísticas existentes.
- Promover que na regulamentación municipal figuren unhas cláusulas que establezan que:
- Todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos (oficinas de atención ao público, instalacións deportivas, televisións e radio municipais, servizos de augas, etc.) teñan a lingua galega como idioma xeral de referencia oral e escrito.
- Os actos xurídicos documentados e as relacións xurídicas e notariais da Administración local que se refiran a actividades de ámbito galego redactaranse en lingua galega.
- As intervencións xudiciais da Administración realízanse en lingua galega.
- Todos os traballos topográficos e cartográficos que fagan ou encarguen as administracións locais teñen que levar incorporada a recolla da microtoponimia, consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia, e o material toponímico recollido deberá ser remitido ao SITGA, para a súa organización e posta a disposición da sociedade na Rede.
- Todos os contratos e axudas públicas, de calquera tipo, deberán producir un aumento efectivo do galego na entidade receptora. O SNL avaliará o seu cumprimento.
- Toda aquela prestación froito dun contrato suscrito por unha entidade local ofrecerase, como mínimo, en lingua galega.
- A facturación que emitan os provedores da Administración local virá redactada, como mínimo, en lingua galega.

3.- CONDICIÓN DO/A ASPIRANTE.

Para ser admitidos para a realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o procedemento selectivo:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da UE, ou ter relación de parentesco nos termos da Lei 17/1993 de 23 de decembro sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos Estados membros da Unión Europea, desenvolvido polo RD 800/1995.-
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de licenciado en filoloxía galego-portuguesa, filoloxía galega ou filoloxía hispánica sección galego-portugués ou outras titulacións superiores pertencentes á área de humanidades ou de ciencia xurídica ou social, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega no nivel 5 Celga 5, ou en condicións de obtelos na data en que termine o prazo de presentación de instancias.-
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias da praza á que accede.-
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas, ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.-
- f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

4.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen tomar parte na selección, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se lles facilitará nas dependencias municipais e serán dirixidas ao Sr. Alcalde da Corporación ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente. Teranse como admitidos quenes cumpran os requisitos trala preselección realizada pola Oficina de Emprego de Ribadeo no seu caso ou teñan coñecemento da selección por medio da publicación do anuncio da convocatoria nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

4.2.- Para ser admitido á selección, bastará con que os aspirantes manifesten na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias de 7 días naturais contados a partir da publicación nun dos diarios de maior tirada da provincia.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

A autoridade que convoca, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os aspirantes, para os efectos procedentes.-

4.3.- Coas instancias deberanse achegar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditar os méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración destes.-

4.4.- Os erros materias ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.-

4.5.- O prazo de presentación de instancias será de 7 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da provincia.

4.6.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Foz, ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 38 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común.

Deberá de axuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.

- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).

- Documentación xustificativa da fase de concurso.

-Copia compulsada do resgardo que xustifique o pago ao Concello de Foz na conta do BBVA 0182062620000001285, da cantidade correspondente para cada proceso selectivo segundo a ordenanza reguladora da taxa de expedición de documentos do Concello, en concepto de dereitos de exame, cantidade que unicamente será devolta se o aspirante resultase excluído por falta dos requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria. A non presentación e pago da taxa por dereitos de participación nos procesos selectivos dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante, quedando da seguinte maneira:

-Posto de traballo grupo A1: 35 €.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Serán admitidos os aspirantes que, trala preselección realizada pola Oficina de Emprego de Ribadeo ou de ter coñecemento das eleccións a través do anuncio que será publicado nun dos diarios de maior tirada da provincia, acheguen a documentación requirida na base 4 e cumpran os requisitos establecidos na base 3.-

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído polos membros que determine o Alcalde presidente a medio de Resolución dictada ao efecto.

De producirse a ausencia dalgún dos membros do tribunal e coñecida esta, polo señor presidente poderá nomearse un substituto.-

Este tribunal poderá ser asistido polos técnicos en materia de idiomas que considere conveniente.

Os vocais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para acceso á praza convocada.-

6.2.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade que convoca, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da devandita norma.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

6.3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes.-

6.4.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se promovan durante a valoración dos méritos, así como a adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nestas bases.-

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro, xa citada.-

6.5.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.-

6.6.- Os membros do Tribunal así como de ser o caso, os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias e custos de viaxe cando sexa o caso, nas contías regulamentariamente establecida polas actualizacións do previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, vixentes na data de realización das probas.-

6.7.- A data, hora e lugar en que se procederá á valoración dos méritos, publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso.- oposición

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes.-

A puntuación máxima que se poderá obter é de 23,5 puntos.

Os méritos a que se fai referencia neste Baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.-

7.1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

7.1.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ao servizo de calquera Administración Pública, ata un máximo de 2 puntos. Valorarase a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizos.

A xustificación deste apartado farase coa presentación de informe de vida laboral complementado con contratos de traballo ou certificado da Entidade contratante.-

7.1.2.- FORMACIÓN DE POST-GRADO.

Pola realización de estudos de postgrao ou masters relacionados co posto a desempeñar, impartidos por Centros dependentes de Organismos Oficiais, 1 punto por título ata un máximo de 2 puntos.-

7.1.3.- ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, impartidos por centros de formación dependentes de organismos oficiais e relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 3 puntos. Valorarase a razón de:

- a) Cursos de 21 a 50 horas: 0,25 puntos por curso.-
- b) Cursos de 51 a 100 horas: 0,50 puntos por curso.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

- c) Cursos de mais de 100 horas, 0,75 punto por curso.-
- d) Xornadas ou seminarios de oito ou mais horas de duración: 0,05 puntos por cada un.-

Este apartado xustificárase mediante diploma ou certificación da asistencia, orixinal ou copia compulsada.-

7.1.4.- ACTIVIDADE DOCENTE.

Por participación como docente, impartindo cursos, módulos de cursos, xornadas, seminarios ou programas relacionados co posto a desempeñar e organizados ou subvencionados por Organismos Oficiais, Universidades e Oficinas de Emprego, ata un máximo de 4 puntos. Valorárase a razón de 0,02 puntos por hora impartida.-

Este apartado xustificárase mediante certificados do centro ou organismo organizador da acción formativa.-

7.1.5.- COÑECEMENTO DE INFORMÁTICA.

Por curso de aplicacións informáticas de mais de 40 horas lectivas impartidos por escolas oficiais ou organismos dependentes de formación continua, 0,25 puntos por curso.-

Este apartado, que non excederá de 4 puntos, xustificárase mediante certificados do centro ou organismo organizador da acción formativa no que figure as horas lectivas e acción formativa impartida.-

7.1.6.- POLO COÑECEMENTO ACREDITADO DOUTROS IDIOMAS.

Neste apartado valorárase o coñecemento doutros idiomas a excepción do castelán e do galego, que estean homologados e de acordo ao marco europeo con unha puntuación máxima de 2 puntos.-

Certificado nivel A1, 0,5 punto.-

Certificado nivel A2: 1 puntos.-

Certificado nivel B1: 1,5 puntos.-

Certificado nivel C1: 2 puntos.-

Certificado nivel C2: 2.5 puntos.-

Soamente valorárase o grao superior alegado.-

7.1.7.- PROXECTOS E TRABALLOS PUBLICADOS.-

- Por proxectos presentados noutras administracións públicas ou organismos dependentes (concellos, deputacións, fundacións para desenvolvemento local, comunidades autónomas, estado, etc.) valorárase conforme á súa orixinalidade e documentación científica cun máximo de 1 punto.-

- Artigos ou traballos publicados que teñan relación co posto ofertado 1 punto.-

7.1.8.- MEMORIA E ENTREVISTA.-

O tribunal requirirá aos aspirantes para que no día e hora que se lles sinala, realicen por escrito, no tempo máximo de 45 minutos, e en presenza do tribunal unha memoria motivada, que versará sobre a maneira de prestar o servizo, obxectivos a alcanzar e melloras a implantar. Esta memoria será valorada polo tribunal en atención á claridade de ideas, expresión escrita e solucións aportadas, ata unha puntuación máxima de 4 puntos, podendo o tribunal formular as preguntas que considere necesario acerca da memoria desenvolvida polo aspirante.-

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións outorgadas dos diferentes apartados sinalados anteriormente.-

8.- LISTA DE APROBADOS.

8.1.- Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello, a relación destes pola orde de puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos, co correspondente D.N.I., do candidato incluído na proposta para a formalización de



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

contrato.-

8.2.- O tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ao señor alcalde - presidente para que proceda á formalización do contrato.-

8.3.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso un número superior de concursantes ao da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.-

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirante seleccionado, no prazo máximo de tres días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do concello, os seguintes documentos, agás que obren xa no concello:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.-
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título de Título de Licenciado/a acreditado na instancia.
- c) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non acharse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.-
- d) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.-
- e) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.-

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do ministerio, entidade ou organismo do que dependerán para acreditar tal condición.-

9.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados nin contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso.-

10.- AQUISICIÓN DA CONDICION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Polo señor Alcalde, formalizarase o contrato co aspirante que, incluído na proposta de candidatos formulada polo tribunal, presentase a documentación esixida na convocatoria. Ata que se formalice este e se produza a incorporación ao posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica ningunha.-

O señor Alcalde procederá a resolver o procedemento de selección a favor do aspirante proposto polo tribunal publicándose o acordo no taboleiro de anuncios municipal.

O contrato terá o carácter de temporal durante 4 meses, dende o 15 de xuño de 2012 ata o 14 de outubro de 2012, cun período de proba que se establece nun mes. Transcorrido o devandito período de proba, o persoal que o supere satisfactoriamente, adquirirá a condición de persoal laboral temporal do cadro de persoal do concello de Foz. No suposto de declarar a non superación do período de proba, a resolución deberá motivarse e darase conta aos representantes dos traballadores para o coñecemento e efectos.-

11.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para interpretar as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.-



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

12.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases, seralle de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño; Lei 13/2007, de 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia.-

Serao tamén de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores e a Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes procedementos selectivos de persoal das corporacións locais.-

13.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actas administrativas se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.-

Contra as presentes bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante o alcalde do concello de Foz, previo ao contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do concello de Foz (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa).

Foz, 25 de maio de 2012

O Sr. Alcalde-Presidente

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.